

FESTA DO EMIGRANTE NO VAL DO DUBRA

Enchendo un baleiro no corazón: 40 anos da Festa do Emigrante



B. C. [VAL DO DUBRA]

O Concello de Val do Dubra festexa, do 1 ao 3 de agosto, o 40 aniversario da Festa do Emigrante, unha conmemoración que deu comezo no ano 1984 co fin de recoñecer e celebrar a sensibilidade e a importancia da emigración. Un evento de referencia no calendario de festexos da contorna; unha homenaxe que, ademais de sumar novos visitantes, é punto de encontro fixo da meirande parte de veciñanza da co-

marca ao sentírense identificados co sentir da emigración.

Trátase dun acontecemento que naceu do cariño e da morriña pola nosa xente que, en tempos de incerteza, tivo que marchar na procura dun futuro mellor e tamén para recoñecer esa esquecida resiliencia feminina; un labor esencial xa que as mulleres quedaban aquí coa familia e coidando das terras. Nun momento histórico onde a emigración era unha realidade para tantas persoas, esta festa municipal emer-

xeu como un aperta simbólico a quen fixo da distancia unha ponte para seguir unidos.

Foi a Corporación Municipal de 1984, presidida por José Pombo Grille, a que tomou a decisión de instituír esta festividade, encargando a creación dunha obra conmemorativa ao escultor dubrés José Castiñeiras, moi recoñecido pola súa traxectoria artística. Hoxe en día, esta escultura é un referente en toda a comarca, destacándose pola súa relevancia e popularidade.

Neste corenta aniversario, Val do Dubra inaugurarán unha exposición xunto coa venda de pinturas de José Antonio Martínez, un veciño emigrado en Xenebra, que amosará a súa arte coma unha imaxe reflectida da experiencia migratoria. Asemade o programa incluírá unha ampla gama de actividades pensadas para todos os públicos que arrincarán no serán do xoves 1, coa tradicional Festa da Cervexa, que neste ano celebra a súa XXXVI edición e contará coa actuación dos grupos D' Crooners Band e Leite con Jalletas.

O venres 2 comezará cun acto oficial de inicio das festas que terá lugar diante da Casa do Concello ás 13.00 h. coa actuación da asociación dubresa de música tradicional Regueifa; logo da misa solemne das 12.00 horas.

Na tardiña chegarán as competicións populares, que suman ano tras ano maior participación. Terá lugar o xa famoso Jran Prix no que as peñas poderán gozar dunha serie de retos para logo rematar cunha cea da Asociación Cultural Emigrante en colaboración coa S.D. Dubra. A partir das 23.00 h. come-



Cartel da primeira edición de 1984.

zará a verbena coas actuacións da orquestra Miramar e Cuarta Calle e da disco móbil Plan B.

O sábado 3 seguirán os festexos pola mañá co Torneo de Petanca e o pasarrúas coa charanga Os Jalácticos. Chegada a hora do xantar, gozaremos da sardiñada popular na Carballeira do Campo da Feira de Bem-bibre onde xuntos bailaremos ao ritmo da charanga e pola tarde será o Torneo de Xadrez (na carpa situada nas inmediacións da Casa do Concello) e tamén haberá música de rúa e monicreques con "Os Monifates". Ás 19.00 h. disputarase o Torneo de Fútbol Emigrante entre a S.D. Dubra - R.C. Deportivo (xuvvenil división de honra). O peche da festa será sobre as 23.00 horas co concerto de Monoulous DOP e o broche final virá coas actuacións de La Oca Band e da disco móbil EME Music.

Val do Dubra

EMIGRANTE

1-2-3 AGOSTO

2024

40º Aniversario

Xoves 1

XXXVI Festa da Cervexa

D' Crooners Band e Leite con Jalletas

Venres 2

12:00 - Misa Solemne

13:00 - Acto oficial do inicio das festas con **REGUEIFA** diante da Casa do Concello

16:30 - **Jran Prix**

23:00 - Verbenas coas orquestras: **Disco móbil Plan B**

Miramar e Cuarta Calle

Sábado 3

11:00 - Torneo de Petanca detrás da rúa Arcai

12:30 - Pasarrúas coa charanga **OS JALÁCTICOS**

13:00 - Sardiñada popular no Campo da Feira

13:30 - Final do Torneo de Petanca no Campo de Feira

Actuará a charanga **OS JALÁCTICOS**

17:00 - Torneo de Xadrez na rúa Arcai

18:00 - Música de rúa e monicreques **OS MONIFATES** na rúa Arcai

19:00 - Torneo de fútbol **S.D. Dubra vs R.C. Deportivo** (Xuvvenil div. de honra)

23:00 - Concerto e verbena con: **Monoulous DOP**

La Oca Band e EME MUSIC

Disco móbil

FESTA DO EMIGRANTE NO VAL DO DUBRA

A auga, un ben esencial no Val do Dubra

O municipio conta con paisaxes únicas e ofrece percorridos polo río Dubra e o Tambre ou ata a antiga fábrica do Remuíño

B. C. [VAL DO DUBRA]

Val do Dubra é un pequeno municipio interior da provincia da Coruña, cunha extensión de 108,2 kilómetros cuadrados, situado entre as terras de Santiago de Compostela ao sueste, o municipio de Trazo ao leste, Tordoia ao norte, Santa Comba e A Baña ao oeste e Ames ao sur. Polo sur actúa como delimitador o río Tambre. Por iso, a auga neste lugar é un ben esencial. De feito, o municipio adoptou o seu nome en 1960 a petición dos vecinos, unha designación que responde á coincidencia dos límites municipais co río Dubra.



Vista aérea sobre a ponte de Portomouro. // IVÁN BARCIA

A Fervenza é un dos lugares únicos que hai que visitar unha vez na vida. A través da Ruta das Carballeiras, un atraveso as fermosas paisaxes do río Dubra no seu paso por Bembibre, chega ata as ruínas da ermida de S. Xoán Bautista, e acaba percorrendo as beiras do río, augas arriba cara Bembibre, terminando novamente na mesma Área Recreativa. A piscina municipal, a zona de xogos infantís e o merendeiro constitúen un lugar ideal para concluír este paseo.

Tamén se pode gozar da Ruta do Dubra, que discorre á beira do río e baixo o túnel vexetal de

amieiros, freixos e salgueiros. Pódense percorrer prados e campañas gandeiras, salpicados de carballeiras e piñeirais.

A Ruta do Río Tambre é un breve pero encantador paseo pola beira do río con carballeiras e castiñeiros, árbores de ribeira e grandes feitos. Ao final do sendeiro está a Área dos Muños de Rodas, e pouco máis adiante o pantalán para embarcacións de remo. Ata ahí poden acceder os vehículos que remolquen as embarcacións por unha pista sinalizada desde a estrada a Santiago.

Outra visita que non se pode perder é a das ruínas que dan nome a unha das últimas aldeas electrificadas de España, que permite coñecer un roteiro fluvial con pesqueiras, unha antiga hidroeléctrica, un castro e restos dun castelo. É a Ruta do Remuíño. O percorrido vai polo núcleo de Portomouro e por debaixo da gran ponte que cruza o río Tambre, a antiga aldea deshabitada de Novais, coa súa vella capela, e bosques de ribeira con flora e fauna autóctonas ata chegar á vella central, pioneira na fábrica e distribución de electricidade na zona.

Gándara

clínica dental

C-15-002933

C/ Santo Domingo de la Calzada, 1-A. 2ªA
15701 Santiago de Compostela | T.: 981 596 745
C/ Arcai, nº 52, baixo | 15873 Bembibre. T.: 981 889 773
clinicagandara@gmail.com

M y G
GASOLEOS S.L.

Paramos | Val do Dubra
608 092 830
facturacion@maceiroa.es

CENTRO ÓPTICO DEUS
VISIÓN E AUDICIÓN

Rúa Arcai 53 - 15873 Bembibre, Val do Dubra (A Coruña)
981 889 717 | 22 dubra@centroopticodeus.com | ES-15-000286 / ES-15-001342
Rúa de Vista Alegre 112 - 15075 Santiago de Compostela (A Coruña)
981 587 088 | 22 santiago@centroopticodeus.com | E-15-001405

INSATEL

Insatel Instalaciones s.l.

Arcai, 124 Bajo D - Bembibre - 15873 Val do Dubra (A Coruña)
Tls. 981 892 934 - 629 845 252 | info@insatel.com | www.insatel.com

Talleres NOYA

Manuel Noya Fraga
info@talleresnoya.com
Tlf. 981 889 378

Rúa Río Dubra, 19 Bembibre
15873 Val do Dubra
A Coruña

@talleresnoya
talleresnoya
www.talleresnoya.com

VW, SKODA, SEAT, CUPRA, AUDI

TALLERES BALEATO

DACIA

Rúa Arcai, 3
Bembibre - Val do Dubra
T. 981 889 310
www.talleresbaleato.com

Asegur Baleato

Asesoría laboral, fiscal, contable e seguros
Alquiler y venta de viviendas

Gestoría GA Baleato
DOMINA FENEL CABRADO
Licenciada en Administración e Dirección de Empresas

SEGUROS:
Automóviles
Hogar
Vida
Empresas
Pensionadas
Comunidades
Agrarias

Gestoría Administrativa:
Transferencias
Matriculaciones
Tarjetas Transporte
Permisos Armas
Sanciones
Trámites ITV

T. 981 889 287 • F. 981 892 713 • C/ Arcai, 25 - 1º Bembibre | 15873 Val do Dubra (A Coruña)